

**Datos Do Expediente:**

PLENO	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/PLE/20/2019	GOB13I0ML
6M6L162V6R711N5C1B2S	
2 6M6L162V6R711N5C1B2S% »	
2 6M6L162V6R711N5C1B2S% »	

ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO O DEZASETE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE

SRES/AS ASISTENTES:**SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:**D/D^a MARIAN FERREIRO DIAZ**SRES/AS CONCELEIROS/AS:**

D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ
D/D^a NATALIA HERMIDA RICO
D/D^a JUAN PABLO MAURIZ ROMERO
D/D^a JOSE IBAN SANTALLA BORREIROS
D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO
D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO
D/D^a JOSE OREONA BRA
D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL
D/D^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY
D/D^a GERMAN CASTRILLON PERMUY
D/D^a M.DEL MAR BLANCO ROCA
D/D^a JAVIER MARIA PEREIRA BECEIRO
D/D^a ANA VANESA BOUZAMAYOR VILLASUSO
D/D^a MARCOS LOPEZ BALADO
D/D^a ESTRELLA CASTRILLON VIDAL
D/D^a JOSE DAVID PITA BREIJO
D/D^a CATALINA MARIA GARCIA BLANCO
D/D^a SANTIAGO GALEGO CASTRO
D/D^a OLAIA MARGARITA LEDO DIAZ
D/D^a EUGENIO CARBALLEIRA LOPEZ

SRA. INTERVENTORA XERAL:D/D^a M^aPILAR CANZOBRE MENDEZ**SR. SECRETARIO XERAL:**D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI

Na casa do Concello de Narón, ás 10:00 do dezasete de decembro de dous mil dezanove, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión extraordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1 °.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 04/2019. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Vista a documentación incorporada ao expediente PRE/41/2019, polo que se tramita o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 04/2019.

Vistos os informes dos distintos departamentos xestores de gastos, que quedan incorporados a este expediente.

Visto o informe proposta do do Técnico de Xestión do Servizo de Intervención do 04/12/2019 (PRE13I0F3).

O principio de anualidade orzamentaria, recoñecido tradicionalmente pola doutrina, esixe que se imputen ao orzamento de cada ano os gastos e ingresos derivados de adquisicións, obras ou servizos ou ingresos feitos dentro do mesmo exercicio orzamentario, tal como establecen os artigos 162 e seguintes do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e os artigos 24 e seguintes do Real decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do título Sexto do texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

O artigo 26 do Real decreto 500/1990 que regula a temporalidade dos créditos, establece unha excepción ao principio de anualidade, permitindo aplicar aos créditos do orzamento vixente, no intre do seu recoñecemento, as obrigas derivadas de exercicios anteriores.

Visto o informe emitido pola Intervención Xeral o 04/12/2019 (PRE13I0F5), no que se fiscaliza de desconformidade (reparo sen efectos suspensivos) a aprobación das facturas polos motivos que se especifican no dito informe.

Considerando que a xurisprudencia do Tribunal Supremo atenuou o rigor na aplicación das normas administrativas ao contrastalas coa “teoría do enriquecemento inxusto”, en virtude da cal “no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades” (Sentenzas do 12 de febreiro de 1990, 25 de xuño e 8 de outubro de 1986). Polo tanto, o concello debe realizar o pagamento das prestacións recibidas, aínda que se incumprise o procedemento establecido, pois ao quedar acreditado debidamente as efectivas prestacións realizadas, xa que as facturas están debidamente conformadas, non pode obviar o pagamento das prestacións recibidas.

Visto o ditame favorable por maioría (coas tres abstencións dos representantes do PP; e os votos a favor de TEGA -5-, PSdeG-PSOE -2- e BNG -1-) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de 12 de decembro de 2019, o seu presidente propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o recoñecemento extraxudicial da relación de facturas relativas a gastos realizados nos exercicios 2015, 2016, 2017 e 2018 e non aplicados ao orzamento, que ascende á cantidade total de 18.989,17 euros, con cargo ás correspondentes aplicacións orzamentarias segundo o seguinte detalle:

Nº Factura	Data	Terceiro CIF	Texto Explicativo	Importe Total	Aplicación Orzamentaria Ref. Contable RC	Nº Rexistro
FE19137000948073	13/01/2019	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A. A65067332	EXPDTE. REC 4/2019/ Importe peaje acceso(21.211kW*38.043426 Euros/kW año *(31/365) días)/Importe por margen comercializa	696,77 €	2019 1650 22100 220190018445	F/2019/1067
FE19137000939360	13/01/2019	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A. A65067332	EXPDTE. REC 4/2019 Importe peaje acceso estimado(2.061kW*38.043426 Euros/kW y año*(31/365) días)/Importe margen come	138,62 €	2019 1650 22100 220190018445	F/2019/1068
FE19137000940160	13/01/2019	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A. A65067332	EXPDTE. REC 4/2019 Importe peaje acceso(5.325kW*38.043426 Euros/kW y año*(31/365) días)/Importe margen comercializac	161,00 €	2019 1650 22100 220190018445	F/2019/1071
FE19137000967725	13/01/2019	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A. A65067332	EXPDTE. REC 4/2019 Importe peaje acceso(1.955kW*38.043426 Euros/kW y año*(29/365) días)/Importe margen comercializac	202,36 €	2019 1650 22100 220190018445	F/2019/1075
FE19137000919445	13/01/2019	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A. A65067332	EXPDTE. REC 4/2019 Importe peaje acceso(23.311kW*38.043426 Euros/kW y año*(31/365) días)/Importe margen comercializa	789,61 €	2019 1650 22100 220190018445	F/2019/1080



FE19321289578868	07/02/2019	NATURGY IBERIA, S.A. A08431090	EXPDTE. REC 4/2019/ALQUILER CONTADOR 01/12/2018-31/12/2018 1 UNx75,13/CUPS ES002200008763452DW1P Direcc RAMON CABANILLA	1.962,18 €	2019 3330 22100 220190018445	F/2019/1235
FE19137003333936	07/02/2019	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A. A65067332	EXPDTE. REC 4/2019/ ImpORTE peaje acceso/9.9kW*38.043426 Euros/kW año*(10/365) días/Importe por margen comercializació	201,43 €	2019 3230 22100 220190018445	F/2019/1281
FE19321287051143	09/01/2019	NATURGY IBERIA, S.A. A08431090	EXPDTE. REC 4/2019 IMPUESTO ELECTRICIDAD 04/12/2018-31/12/2018 353,4 EUR/CUPS ES0022000008864337WD1P Direccion PS MANOE	461,71 €	2019 9330 22100 220190018445	F/2019/1489
FE19321287051146	09/01/2019	NATURGY IBERIA, S.A. A08431090	EXPDTE. REC 4/2019/ ALQUILER CONTADOR 17/11/2018-13/12/2018 1 UNx9,75 EUR/CUPS ES0022000008042589QM1P Direcc PS GALICIA	338,85 €	2019 9330 22100 220190018445	F/2019/1490
FE19321287051147	09/01/2019	NATURGY IBERIA, S.A. A08431090	EXPDTE. REC 4/2019/ IMPUESTO ELECTRICIDAD 01/12/2018-31/12/2018 611,03 EUR/CUPS ES0022000004973577AK1P Direccion PS ILLA	790,69 €	2019 9330 22100 220190018445	F/2019/1491
FE19321287051149	09/01/2019	NATURGY IBERIA, S.A. A08431090	EXPDTE. REC 4/2019/ IMPUESTO ELECTRICIDAD 01/12/2018-31/12/2018 1.264,57 EUR/CUPS ES0022000004988982YQ1P Direccion PS ES	1.621,90 €	2019 1650 22100 220190018445	F/2019/1492
FE19321287051209	09/01/2019	NATURGY IBERIA, S.A. A08431090	EXPDTE. REC 4/2019/ IMPUESTO ELECTRICIDAD 01/12/2018-31/12/2018 773,97 EUR/CUPS ES0022000004989042DF1P Direccion PS COLM	997,92 €	2019 3230 22100 220190018445	F/2019/1493
FE19321287051221	09/01/2019	NATURGY IBERIA, S.A. A08431090	EXPDTE. REC 4/2019/ IMPUESTO ELECTRICIDAD 01/12/2018-31/12/2018 896,38 EUR/CUPS ES019100000610131CPOF Direccion PS PARR	1.151,17 €	2019 9330 22100 220190018445	F/2019/1494
FE19321287051211	09/01/2019	NATURGY IBERIA, S.A. A08431090	EXPDTE. REC 4/2019/ IMPUESTO ELECTRICIDAD 17/11/2018-13/12/2018 1.161,77 EUR/CUPS ES0022000008201059YM1P Direccion PS VI	1.489,41 €	2019 9330 22100 220190018445	F/2019/1495
FE19321287051210	09/01/2019	NATURGY IBERIA, S.A. A08431090	EXPDTE. REC 4/2019/ IMPUESTO ELECTRICIDAD 01/12/2018-31/12/2018 524,71 EUR/CUPS ES0022000007612962NH1P Direccion PS ILLA	680,65 €	2019 9330 22100 220190018445	F/2019/1496
FE19321287051249	09/01/2019	NATURGY IBERIA, S.A. A08431090	EXPDTE. REC 4/2019/ IMPUESTO ELECTRICIDAD 01/12/2018-31/12/2018 466,67 EUR/CUPS ES0022000007676999ZT1P Direccion PS CAMP	607,08 €	2019 9330 22100 220190018445	F/2019/1497
FE18321261918500	10/04/2018	NATURGY IBERIA, S.A. A08431090	EXPDTE. REC 4/2019/TERMINO FIJO 26/01/2018-21/03/2018 55,00 DÍASxEUR/CUPS ES0224050036056336TC Direccion SAN AVELINO,	10,64 €	2019 3370 22102 220190018445	F/2019/2633
FE18321261918498	10/04/2018	NATURGY IBERIA, S.A. A08431090	EXPDTE. REC 4/2019/ CONSUMO GAS 27/01/2018- 26/03/2018/8.482,00 KWHx0,04684/CUPS ES0224050034758737WN SAN XOSE OBR	525,99 €	2019 3370 22102 220190018445	F/2019/2635
FE18321261918499	10/04/2018	NATURGY IBERIA, S.A. A08431090	EXPDTE. REC 4/2019/ CONSUMO GAS 27/01/2018- 25/03/2018 9.011,00 KWHx0,04684/CUPS ES0224050035844470NF Direcc ESTRADA C	557,05 €	2019 3370 22102 220190018445	F/2019/2646

FE17137005953764	23/03/2017	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A. A65067332	EXPDTE. REC 4/2019/ Importe peaje acceso/6.9 kW*38.043426 Euros/kW y año*24/365 días/Importe por margen comercializaci	75,47 €	2019 1650 22100 220190018445	F/2019/3950
18/2018	31/12/2018	C.P. ESTRADA CASTELA 793 - 795 NARON H15312051	EXPDTE. REC 4/2019/COTAS ORDINAR LOCAL CONCELLO COMUNIDAD PROPIET.ESTRD CASTELA 793-795/XULLO-DECEMB/2018. MES 16,06 EUR	96,36 €	2019 9330 21200 220190012153	F/2019/4544
B111	16/04/2018	ROUCO COUZO, EDUARDO 32672497P	EXPDTE. REC 4/2019/ HONORARIOS REXISTRADOR PROPIEDAD PRESENTACION DOC. ENTRADA Nº: 001054/2018/LIBRO 147/ ASIEN TO 1056	7,27 €	2019 9200 22604 220190015332	F/2019/4572
Emit- 1601053	02/01/2016	PROEL ASCENSORES S.L. B15031958	EXPDTE. REC 4/2019/ MANTENIMIENTO 1º TRIMESTRE 2016 BIBLIOTECA MUNICIPAL	569,23 €	2019 9330 21200 220190018445	F/2019/4586
Emit- 1507132	01/10/2015	PROEL ASCENSORES S.L. B15031958	EXPDTE. REC 4/2019/ MANTENIMIENTO 4º TRIMESTRE 2015 BIBLIOTECA MUNICIPAL	569,23 €	2019 9330 21200 220190018445	F/2019/4588
Emit- 1603073	01/04/2016	PROEL ASCENSORES S.L. B15031958	EXPDTE. REC 4/2019/ MANTENIMIENTO 2º TRIMESTRE 2016 BIBLIOTECA MUNICIPAL	569,23 €	2019 9330 21200 220190018445	F/2019/4589
Emit- 1607104	01/10/2016	PROEL ASCENSORES S.L. B15031958	EXPDTE. REC 4/2019/ MANTENIMIENTO 4º TRIMESTRE 2016 BIBLIOTECA MUNICIPAL	569,23 €	2019 9330 21200 220190018445	F/2019/4590
Emit- 1703150	01/04/2017	PROEL ASCENSORES S.L. B15031958	EXPDTE. REC 4/2019/ MANTENIMIENTO 2º TRIMESTRE 2017 BIBLIOTECA MUNICIPAL	569,23 €	2019 9330 21200 220190018445	F/2019/4591
Emit- 1605122	01/07/2016	PROEL ASCENSORES S.L. B15031958	EXPDTE. REC 4/2019/ MANTENIMIENTO 3º TRIMESTRE 2016 BIBLIOTECA MUNICIPAL	569,23 €	2019 9330 21200 220190018445	F/2019/4592
Emit- 1705238	01/07/2017	PROEL ASCENSORES S.L. B15031958	EXPDTE. REC 4/2019/ MANTENIMIENTO 3º TRIMESTRE 2017 BIBLIOTECA MUNICIPAL	569,23 €	2019 9330 21200 220190018445	F/2019/4593
Emit- 1707393	01/10/2017	PROEL ASCENSORES S.L. B15031958	EXPDTE. REC 4/2019/ MANTENIMIENTO 4º TRIMESTRE 2017 BIBLIOTECA MUNICIPAL	569,23 €	2019 9330 21200 220190018445	F/2019/4594
Emit- 11701115	02/01/2017	PROEL ASCENSORES S.L. B15031958	EXPDTE. REC 4/2019/ MANTENIMIENTO 1º TRIMESTRE 2017 BIBLIOTECA MUNICIPAL NARON	569,24 €	2019 9330 21200 220190018445	F/2019/5031
FV-CR-80-2018-880203	31/08/2018	FERVIGO S.L. B27855980	EXPDTE. REC 4/2019/ MONTAJE NEUMATICO TURISMO BONIFICADO/EQUILIBRADO NEUMAT/ALINEADO DIRECC/VALVULA T/ 31/08/2018	301,96 €	2019 1320 21400 220190018445	F/2019/5107

INTERVENCIONS

-Sr.Romero Franco: bueno, pois nada, traemos este expediente, son facturas de exercicios anteriores que traemos neste expediente para poder facer fronte a elas. A maioría delas son facturas principalmente de eléctricas e gas que non facturaron ata este ano, e nada máis que decir.

-Sr.Castrillón Permuy: bos días. Bueno, a nós nos gustaría saber, porque nos estrana, neste cuarto recoñecemento extraxudicial deste ano, de que as facturas de prol ascensores do 2015, 2016 , 2017, están feitos eses servicios, como non as enviaron antes? É algo que nos choca no? Cal foi ese motivo de que non enviaran estas facturas antes?.

E sobre das eléctricas, bueno, o que diríamos é que tedes que regularizalo, sacar un prego e sácalo a contratación pública tal e como di agora a nova regulamentación do contrato do sector público.

E de Fervigo, unha empresa de aquí de Narón si que nos estrana que fixera ese servicio no 2018 e que non presentara factura ata agora, no 2019. É algo que nos choca. Por eso que nos gustaría que nos explicara cal é o motivo de que estas facturas cheguen tan tarde ao concello.

-Sr.Romero Franco: bueno, nós tamén somos os primeiros estranados en que facturen con este período. Evidentemente os servicios se encargan de avisar ás empresas de que facturen en tempo.



Evidentemente non están todos os días detrás das empresas para que facturen. Pero bueno, cando pasan os períodos e os traballos están feitos se lles notifica de que xa poden facturar e que fagan a facturación en trámite. Se as empresas non o fan.....

E por outro lado, as eléctricas evidentemente xa temos previsión de quitar ese contrato e mentres xa se sabe o problema que hai coa propia empresa que comercializa ou que nos factura que, bueno, non teñen demasiado control sobre a súa facturación e evidentemente non imos a pagar facturas que non estén controladas, ben comprobadas, de que os consumos son os correctos e demais. E sí que estamos tamén estranados de que tarden tanto en facturar. Claro que si.

-Sr.Castrillón Permuy: no, si, si, está ben pero non me contestaches ao que eu quería saber, no. É decir, o delegado de servicios desa área pois debería de preocuparse de que as facturas chegaran no ano correspondiente. É ao que me refiro, no. É unha pena que teñamos que traer este recoñecemento extraxudicial de crédito porque todos sabemos á responsabilidade á que nos pode levar esto. Polo tanto, simplemente eso.

Creo que deberíamos ser conscientes de que habería que facerlle un seguimento a esas empresas que vemos que facturan tarde e especialmente ás que son do Concello de Narón que hai algunha que é do Concello de Narón, se fai ese servizo, por que non se lle vai a pagar en tempo e forma e non ter que esperar ano e medio a pagarlle esa factura.

Nós non podemos votar a favor deste porque entendemos que estes recoñecementos extraxudiciais hai que evitalos durante toda a lexislatura e durante o transcurso dos orzamentos .

-Sra.alcaldesa: creo que dixó que ían a votar en contra dun recoñecemento extraxudicial.....

-Sr.Castrillón Permuy: Sra.alcaldesa, hoxe me pode preguntar, hoxe podemos dialogar. O outro día non podíamos falar máis que no noso turno e hoxe ...

-Sra.alcaldesa: estoulle preguntando.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Díxenlle que non podíamos votar a favor. Ademais se votamos en contra era por responsabilidade nosa porque vostede sabe como alcaldesa deste concello, que é a máxima responsable, que pode ter responsabilidades patrimoniais por estas extraxudiciais que trae a este Pleno. Vale? Grazas de todas formas por dar-me a palabra.....

-Sra.alcaldesa: non, lle preguntei que non entendera o que dixera, simplemente. O noto un pouco alterado. Simplemente non escoitei o que dixó. Nada máis. É dicir, o que traemos aquí como ben decía Román, non entendo, que non se vote a favor. É dicir, son empresas que non presentan as facturas en tempo e forma. Son reclamadas evidentemente, pero como comprenderá, non van a estar chamando todos os días a unha empresa que non quere facturar e o que recoñecemos agora e que si, que prestaron ese servizo e o queremos pagar. Evidentemente. Pasamos a votar.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: Abstencións 6

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: A favor 2

2 °.- PROPOSTA PARA PARTICIPAR NO PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS+ 2020) DA EXCMª DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: A Sección de Contratación e Obras Públicas, en data 9 de decembro de 2019, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta (CON13I1Y4) que di:

“Vista a seguinte normativa e documentación remitida pola Deputación Provincial:

- Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020, aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 25/10/2019 (BOP nº 208, de 31 de outubro de 2019).
- Circular, remitida a este Concello, coa asignación de fondos a favor deste Concello, de acordo co seguinte desglose:

Concello	Achega provincial 2020	Achega provincial 2019	Préstamo provincial 2020	Total POS+2020
Narón	532.760,08 €	128.932,80 €	486.538,89 €	1.148.231,77€

Ao abeiro de dito Plan, é intención deste Concello acometer as seguintes actuacións:

Obxecto	Importe
Financiamento do gasto corrente de limpeza viaria do exercicio 2020	1.698.573,42 €
Actuacións a realizar no centro de formación “Irmáns Froilaz” para a mellora das condicións de accesibilidade	100.972,99 €
Instalación de Parque Infantil en O Val	45.000,00 €
	1.844.546,41 €

Nos expedientes CON/52/2019, CON/55/2019 e CON/56/2019 áchanse os anexos e, no seu caso, proxectos de execución preceptivos para ditas actuacións.

Así mesmo, no informe adxunto subscrito por este funcionario de código CON13I1XZ, detállase o Plan de Financiamento necesario para acometer ditas actuacións, que contarán con fondos propios e fondos provinciais, no marco das achegas provinciais 2020 e 2019 sinaladas con anterioridade.”

Polo anteriormente exposto e logo da toma de razón da Intervención Xeral deste Concello con data 9 de decembro de 2019 (ICO13I0L0); visto o ditame favorable por maioría (coas tres abstencións dos representantes do PP e a abstención do membro do BNG; e os votos a favor de TEGA -5- e PSdeG-PSOE -2-) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de 12 de decembro de 2019, o seu presidente propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020”, “achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2020”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Subtotal pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	532.760,08 €
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	0,00 €
Subtotal gasto corrente	532.760,08 €



C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
-	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Subtotal investimentos achega provincial 2020	0,00 €	0,00 €	0,00 €

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Actuacións a realizar no centro de formación "Irmáns Froilaz" para a mellora das condicións de accesibilidade	89.185,89 €	11.787,10 €	100.972,99 €
Instalación de Parque Infantil en O Val	39.746,91 €	5.253,09 €	45.000,00 €
Subtotal investimentos achega provincial 2019	128.932,80 €	17.040,19 €	145.972,99 €

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
-	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Subtotal investimentos préstamo provincial 2020	0,00 €	0,00 €	0,00 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
-	-	0,00 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		0,00 €

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Achega 2020	0,00 €	0,00 €	0,00 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	532.760,08 €	1.165.813,34 €	1.698.573,42 €
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)	0,00 €	0,00 €	0,00 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2020	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Achega 2019	128.932,80 €	17.040,19 €	145.972,99 €
	Préstamo 2020	0,00 €	0,00 €	0,00 €

D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020	0,00 €	0,00 €	0,00 €
T O T A L	Achega 2020	532.760,08 €	1.165.813,34 €	1.698.573,42 €
	Achega 2019	128.932,80 €	17.040,19 €	145.972,99 €
	Préstamo 2020	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	TOTAL	661.692,88 €	1.182.853,53 €	1.844.546,41 €

SEGUNDO: Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
-	0,00 €
TOTAIS	0,00 €

TERCEIRO: Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

CUARTO: Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

QUINTO: Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

SEXTO: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SÉTIMO: Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

OITAVO: Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

INTERVENCIÓNS

-Sr.Romero Franco: ben. Pois como todos os anos traemos aquí ao Pleno a nosa participación dentro do Plan provincial e como ben se acaba de explicar con dúas cantidades diferenciadas, unha para gasto corrente que vai destinado ao gasto que temos de recollida e por outro lado, dúas obras en inversión que é a actualización e realización do centro de formación de Irmás Froilaz e a instalación do parque infantil do Val.

-Sra.Ledo Díaz: ben, consideramos sempre positivo o Plan único de concellos que elabora a Diputación, o POS . Cremos que leva unha lexislatura facéndoo co moi bo criterio, no, para que os concellos se responsabilicen das obras que se pode facer administrando o diñeiro dunha maneira



xusta e equitativa, non como se facía antes. Habería cousas que ao mellor nos gustaría incluír nese POS pero bueno, aí está o arranxo do muíño de Xuvia e está o saneamento, hai cousas que nós consideramos positivas, que levamos defendendo bastante tempo para que se tiveran en conta e ben, ogallá haxa máis medidas no futuro que se poida seguir facendo. Por eso o noso voto neste caso vai a ser favorable.

-Sr.Castrillón Permuy: nos gustaría que nos explicaran, nos estrana que do Plan único de achega do 2020 que se utilice todo en gastos correntes sendo que a prioridade deste servizo, deste plan, é para Obras e Servizos e especialmente para rede de sumidoiros, abastecemento a domicilio de auga potable e alumeadado público entroutras. Entonce nos poderíamos estar de acordo en torno a que un 20 ou un 30% quedara para gastos correntes pero que toda a inversión do ano 2020 se utilice para gastos correntes pois nos estrana un pouco, no.

Nós presentamos por Rexistro o 14 de novembro unha solicitude dunha serie de obras que estábamos esperando que nos contestaran para que se algunha delas se puidera incluír neste Plan, non temos noticias e entón nos gustaría saber bueno, que nos expliquen cal é o motivo do 100% do Plan de achega do 2020 se meta en gastos correntes e máis por que non se inclúe ningunha destas obras que nós propuxemos.

-Sr.Romero Franco: bueno, o 100% non está destinado a gasto corrente, e creo que vimos de aprobar os presupostos e creo que a nosa intención xa se plasmou daquela o noso plan para inversións neste ano 2020.

De todos modos xa llo dixen o día do pleno que aprobamos os presupostos que, eu estou casi todos os días da semana e o meu despacho está aberto para recibilo e xa lle dixemos que as obras que propuxeron, moitas delas están planificadas de facer. Ou sexa que.....lle volvo a facer o mesmo ofrecemento. En calquera momento se quere pasarse polo meu despacho lle explico todas as obras que propuxeron.

-Sr.Castrillón Permuy: pois pasaremos polo seu despacho a ver se nos explica esas obras, no. Pero bueno, está ben, o que metedes en obras é a achega 2019, non é o 2020. Si, si, as obras que incluídes aquí, as obras de Irmás Froilaz e parque infantil do Val son da achega 2019, non 2020. Eu estou falando do 2020, os 532 000 euros que tedes de achega para o Plan 2020. Bueno, pois pasaremos a ver como teñen proxectado esas obras que solicitamos e a ver para cando son. Gustaríanos que algunha entrara neste plan porque entendemos que algunhas delas son urxentes e os veciños necesitan que se faigan esas obras. Nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Pita Breijo: só dicir, que o POS 2020 volve a reflexar a implicación da Deputación da Coruña co Concello de Narón no que compromete máis de 1.000.000 de euros do seu orzamento para a realización do Plan único e con vistas de dispor ao longo do 2020 de máis fondos a medida que vaian dispoñendo deles no.

Plans que permiten aos concellos de Galicia máis facilidades para facer as súas inversións e discrecionalidade para o uso deses cartos.

Hai que recordar que con Diego Calvo na Deputación, se o cor non era o mesmo que lle gustaba non había un peso para os concellos e no último mandato del para Narón nin para o café. Moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: Abstencións 6
PSdeG-PSOE: A favor 3
BNG: A favor 2

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 10:15 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sra. alcaldesa comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4